


INTER
SECCIÓN

LAB
2019



INTERSECCIÓN LAB

Mesa de traballo para proxectos artísticos

Descrición.

Este obradorio é un lugar de encontro para persoas de diversos perfil e intereses, implicadas no desenvolvemento de proxectos artísticos, para facer unha posta en común dos mesmos e debater xuntos os recursos e estratexias que permitan facelos avanzar. A dinámica colectiva centrarase en revisar aspectos da concepción dos proxectos, búsqueda de referentes, resolución de dúbidas e toma de decisións, establecendo un diálogo que poida enriquecer e mellorar a capacidade de cada persoa para desenvolvelos.

Oxectivos do obradoiro.

- Traballar na estruturación conceptual e comunicación de proxectos creativos
- Contrastar e debater ideas, criterios e solucións para mellorar e enriquecer as propostas iniciais
- Coñecer novos recursos e referencias, compartindo coñecementos, experiencias e posicionamentos
- Recibir un feedback colectivo de profesionais do sector

Requisitos.

1. Ter nacido en Galicia ou residir en Galicia
2. Ser maior de 18 anos.
3. Desenvolver un proxecto artístico audiovisual
4. Enviar un dossier con toda a documentación a continuación detallada, que deberá estar en galego ou castelán:
 - Título do proxecto
 - Texto explicativo cun máximo de 10 páxinas ou 1500 palabras
 - Resumo de 50 palabras máximo
 - Bio da artista
 - Email e teléfono de contacto
 - Teaser (opcional)
 - 3 imaxes do proxecto (opcional)
 - Link á súa web (opcional)

Proceso de selección.

Dende o 28 de agosto ate o 6 de setembro estará aberto o prazo para a recepción de dossiers. O día 9 contactarse coas seleccionadas. En caso de non responder, o día 12 contactarase coas suplentes.

Estrutura da actividade.

Todas as sesións terán lugar na Fundación Luís Seoane os días 24, 25 e 26 de outubro. As tres persoas seleccionadas participarán nas tres xornadas da actividade, organizadas en dúas sesións de traballo e unha de presentación de proxectos ante un grupo de axentes do campo do audiovisual e das artes plásticas.

- 1ª xornada, 24 de outubro: Titoría de 11:00-14:00
- 2ª xornada, 25 de outubro: Titoría de 11:00-14:00
- 3ª xornada, 26 de outubro: Presentación ante panel de expertos de 10:30 a 12:00

- **Xornada 1:** primeira sesión de traballo.

Haberá unha presentación xeral por parte do coordinador do obradoiro, que exporá a dinámica de traballo e que fará un comentario xeral dos proxectos seleccionados, establecendo posibles relacións entre os mesmos (liñas discursivas semellantes, referentes compartidos, sensibilidades afíns, etc.).

Cada participante fará unha presentación breve do seu propio proxecto, podendo ter en conta ou matizar os anteriores comentarios do coordinador.

Despois de cada comentario persoal, os restantes participantes deberán intervir para facer as súas valoracións respecto do proxecto que acaba de expoñerse. Nos comentarios porase o acento en propostas de mellora dos proxectos, que poderán ser tidas ou non en conta polos participantes.

Cada participante fará una presentación breve de su propio proyecto, pudiendo tener en cuenta o matizar los anteriores comentarios del coordinador.

- **Xornada 2:** segunda sesión de traballo.

A dinámica da primeira sesión de traballo invírtese, comezando por unha nova ronda de exposición individual, máis detallada, dos proxectos (os seus aspectos temáticos, técnicos, estado de desenvolvemento, obxectivos, etc).

Nos comentarios compartidos poñeráse énfase non só nos propios proxectos, senón tamén na forma de comunicalos. O coordinador fará un balance final do obradoiro, procurando de novo trazar vínculos entre os proxectos. Cada participante compartirá tamén a súa valoración final persoal, no que afecta ao seu proxecto e ao funcionamento xeral do obradoiro. A sesión terminará cun diálogo colectivo, reforzando e fixando as aportacións recibidas, de modo que poidan ser identificadas como ferramentas para o traballo futuro.

- **Xornada 3:** sesión de presentación.

Coas aportacións extraídas das dúas sesións de traballo, os participantes farán unha presentación ante profesionais do sector, que darán feedback dos traballos.

Estancia.

O festival cubrirá o aloxamento, as comidas e as ceas das participantes os tres días que dura o obradoiro.

Obrigas das seleccionadas.

As seleccionadas comprométense a poñer os logos e facer constar na información da peza o seu paso por INTERSECCIÓN LAB segundo as indicacións facilitadas polo coordinador. Por outra banda, as participantes autorizan a INTERSECCIÓN a utilización da información referida aos seus proxectos e a súa bio, así como da súa imaxe e a dos seus proxectos, con fins publicitarios e promocionais, para a difusión da actividade e para a súa inclusión no catálogo do festival.

Entenderase que as participantes aceptan estas bases no momento en que realicen a súa solicitude.

Bio do coordinador.

Enrique Lista (Malpica, 1977) é Doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Ten realizado investigación académica e actividades profesionais nos ámbitos da arte, o deseño gráfico, a fotografía e a xestión cultural.

Como artista expuxo individualmente na Fundación Luís Seoane, Zona "C", Galería Adhoc e Sala Alterarte. Participou, entre outras, en mostras colectivas no MAC, MARCO, Centro Torrente Ballester, CGAC, Centre Civic Sant Andreu, Casa da Parra, Auditorio de Galicia, Fundación Laxeiro e Fotobienal de Vigo.

Ademais de en catálogos, publicacións colectivas e/ou académicas, o traballo de Enrique Lista ten sido recollido nas publicacións individuais Un año de proxectos (Save As... Publications, Barcelona, 2013) e Enrique Lista. Situación (Centro Galego de Arte Contemporánea, 2008). Tamén publicou os libros Un Lugar. Dúas descrições inadecuadas (autoeditado con Héctor Pose, 2018) e Síntomas (Estraperlo, 2018).

Tanto no ámbito académico como fóra do mesmo, Enrique Lista ten impartido docencia, obradoiros e conferencias. De entre esta actividade destaca o "Taller de artista invitado" no Máster en Arte Contemporáneo da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (UVigo) e o obradoiro de desenvolvemento de proxectos impartido no MAC (A Coruña, 2018), museo no que tamén realizou o seguimento personalizado dos artistas residentes entre 2015 e 2018.

Contacto.

lab@interseccion.gal